

## TOPONIMIA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA, UN NÚCLEO URBANO NO MUNDO RURAL

**Xosé R. Boullón**  
*Filólogo. Técnico de Campo do Proxecto Toponimia de Galicia*

O concello de Santiago de Compostela preséntase como prototipo da evolución dunha zona de forte carácter rural a unha área urbana en continua expansión. Estamos perante un concello onde existe unha considerable perda de topónimos debido ós profundos cambios a que está sometido o seu territorio.

Nun principio foi a actuación da concentración parcelaria a que modificou todo o deseño da cidade. Posteriormente, nas últimas décadas, viuse transformada pola expansión urbana, ó converterse nunha cidade de servizos xunto coa súa función de capital administrativa e universitaria e o seu papel de referente relixioso no camiño de Santiago.

### 1. Toponimia e territorio

O concello de Santiago de Compostela, capital administrativa e relixiosa de Galicia, ten unha superficie de 220,36 km<sup>2</sup>, cun total de 30 parroquias e máis de 238 entidades de poboación. Caracterízase por ter un núcleo urbano con unha ampla área de influencia e un crecemento económico que se reflicte tanto na súa expansión urbana coma na creación de polígonos industriais. Tamén ten unha importante rede viaria consecuencia do seu papel de capital da comunidade autónoma.

Concello	Superficie (km <sup>2</sup> )	Parroquia	Núcleos	Núcleos<100 hab	Topónimos
Santiago de Compostela	220,36	30	238	203	8.935

Xosé R. Beullón

O concello de Santiago ten un amplio espazo rural que na actualidade se ve inserto na evolución dun núcleo urbano próximo ós 100.000 habitantes, aínda que a densidade apenas chega a un habitante por km<sup>2</sup>. Como cidade de servizos, abandonou o forte predominio do sector primario.

A actuación do home sobre o seu medio constátase nunha transformación importante como se deixá ver na creación de novas urbanizacións coma a das Fontiñas, nas árees industriais na zona de Amio, ou na construción de vías coma a autoestrada, de espazos de servizos coma a Cidade da Cultura no monte Gaiás, en zonas agrícolas ou de monte. Son numerosas as referencias topónimicas que se van perdendo ocultas nestes novos espazos que dificultan a súa recuperación.

Non menos difícil resulta recoller a toponomía de zonas de monte, antano de enorme importancia dentro da explotación agraria pero hoxe de difícil acceso ante o seu abandono. Nestas zonas son poucos os nomes recoñecidos como referentes nunha ampla extensión de territorio que quedou relegada na actividade cotiá do home.

Tampouco nos podemos esquecer do efecto da concentración parcelaria neste concello. Unha gran parte das parroquias sufriren este proceso que implica unha importante perda de toponomía ante a considerable redución das parcelas.

## 2. A enquisa

A través do Departamento de Relación Vecinal do concello establecemos contacto coas asociacións vecinais e/ou culturais. Informados os seus respectivos presidentes do obxecto do proxecto, puidemos contactar dunha forma máis rápida e eficaz cos mellores informantes desas parroquias. Grazas a esta iniciativa establecemos unha axenda de informantes e fixamos un calendario de entrevistas, gafando en tempo e en calidade para recoller unha información da que se sentiron partícipes.

A desconfianza minimizouse coa busca de informantes a través das AA.VV.; pero, malia llelo explicar previamente, é moi habitual, que insistan durante a enquisa coa pregunta. *E logo, todo isto para que é?*

## 3. Caracterización lingüística da zona

Son variados os trazos lingüísticos que denotan a fala desta zona:

### Fonética

A presenza da gheada na comarca de Santiago é algo común e bastante xeneralizado en tódalas parroquias, en tanto que o seseo se presenta de forma máis irregular convivindo con formas que non o presentan.

### Gheada e seseo

A alternancia da presenza do seseo pódenos levar a confusión con aqueles nomes que presentan apariencia de seseo e non o teñen.

## Toponimia en Santiago de Compostela, un núcleo urbano no mundo rural

Un nome moi común, neste concello é <*chousa*> que nos planos parcelarios e catastrais aparecen como *chouza* ou *choza*, moitas veces. Pero *chousa* é *chousa* –palatalización do *cl* (*kl*) latino deriva de *clausam* e significa *parcela pechada*.

O nome *resto* ou *rosto* que pode derivar de <*residuum*> aparece normalizado como *rocío*.

A convivencia entre as formas con seseo e sen el, son patentes nos mesmos falantes na súa pronuncia de palabras coma *a canizala canisa*, *a bouzala bous*, *peisais/ paizais*, *o rego marzáños marsáns*. Neste sentido é curioso que na parroquia de Marrozos o propio informante é consciente deste feito ó dicirnos que «*hai un sitio que é A Sopeira e a min parécmeme que de sopa non debe vir este nome e eu, que coñezo o lugar, sei que aquí habla moitas cepas e pronunciamos sepeira e de al logho Sopeira, mira ti, pois non hai moitos que o saibam...*»

### *No vocalismo*

O timbre das vogais é un dos elementos fonéticos que máis esforzo esixen no labor da enquisa. Podemos distinguir os seguintes casos:

- A existencia de distinta realización nos seguintes nomes:  
*Os Contomeses/Os Contumises/Os Contumeses;*  
*Curro/Corro, Currucho/ Corracho dos Casais;*  
*Pumariño/Pomariño, Pumar/Pomar/Plumar, Prumariño/Promariño;*  
*As Condomiñas/ Condumiñas.*
- Existencia de metafonía: *Cerdedo/Cerdido.*
- Atraccións sintácticas: *Asariosas* por *As Areosas*; *Ansulña* por *A Insulña*.
- No vocalismo átono tamén o/e na marxe silábica: *A Merosal/A Morosa* e con atracción *Amorosa*.
- Variantes do mesmo nome: *Tarreo/Terreo.*
- Harmonización: *Mixidoira / Mexedoira; Miao / Meao / Medn; Meanciño / Mianciño / Miansiño /...* Tamén poden ilustrar esta realidade ante a influencia da vogal tónica os casos de *Tuxeira ou Tuxeiriña* por *Toxeira e Toxeiriña*.
- É moi xeneralizado tamén o caso da labialización nunha palabra como *Devesa*, xenérico habitual como zona de arboredo, nome que se realiza como *Dovesa*.
- Podemos indicar tamén, a inestabilidade nas vogais finais como o caso de *Miao* antes citado; é por exemplo o caso do *Agro do Romeu (Romeo/Romeu)*.
- Poderíamos observar casos de -ui - fronte a -oi- como ditongos: *truita*.

Xosé R. Beullón

### *Consonantismo*

- Alternancia I/I: Villastrexo/ Vilastrexo
- O caso de S/X: *Seixo/Xeixo...*  
*O Xeixido* (Combarro), *A Xeixental/A Seixenta* (A Nogueira no Pai da Cana en Conxo)  
*A Aghra das Xaras!* noutras aldeas *Saras ou Searas.*  
*O Salleiro/O Xalleiro; O Sixto/O Sisto.*
- Os plurais son outro elemento que define a zona:  
 Nas Brañas do Sar *A Fonte dos Capitás (Capitáns)*; Nos Batáns *O Monte dos Capitáns*  
*Quintás* (aldea de Carballal)  
*Os Melóns* en Coira (Conxo)  
*Os Porrós* no norte da cidade  
*Fedns/Os Feds* na parroquia da Sabugueira  
*Os Meixós* (Cesar)  
*Os Fondós ou Fendós*
- A terminación do plural -al / -ales:  
*Os Pasales* (pola zona do colexio Sta. Apolonia) ou en Lermo (Vista Alegre)  
*Casais* en Coira (Conxo)  
*Novás* na Castiñeira Grande e aí tamén se recolleu *O Noval de Arriba* e *O Noval de Abaixo* e o *Sunoval*.
- Terminación -ao / -an:  
*O Fontao* (Aríns)  
*O Avelao* (Vilamaior, A Sabugueira )  
*O Marellau*  
*O Vachao* (en Fecha)

### *Outras particularidades*

- Bl/Br: *Blanco/ Branco; O Penedo Blanco* (castelanismo)
- Síncope: *As Ghándaras/As Ghandras*
- Metátese: *A Merroda / A Medorra; Calrexo / Carlexo; Espanadeira / Espadaneira*

### *As grafías*

Na cartografía e nos planos de referencia da zona son habituais errores nas grafías, que tamén se poden ver nos rótulos das estradas ou nas placas de identificación das rúas.

## *Toponimia en Santiago de Compostela, un núcleo urbano no mundo rural*

Entre os más frecuentes cómpre salientar:

- B/V
  - \* *Balado/Valado*
  - \* *Cubelo/Cobelo, Coba/Covelo/Cova*
  - \* *Besada/Vesada*
  - \* *Estivada/Estibada*
  - \* *Viduido/Biduido*
  - \* *Naval/Nabal/Naviera*
- H / non H
  - Idreira/Hedreira*

Hai algunhas curiosidades na recolleita dos nomes nos planos parcelarios, catastrais ou do Instituto Geográfico Nacional. Aparece un topónimo *Cairojeira*, clara transcripción dun *Queirogueira* na pronuncia /Quêirogueira - Cairojeiral na Escarabuña.

Aparece un lugar chamado *codesudas* (quizais derivado de *codeso*) coma *codesido/codesedo* ou *codesedas* (aldea da parroquia de Figueiras). Con todo, na enquista descubro que o lugar se chama *cu de xudas* e, quizais por estar afastado no monte, convertiron *cu de xudas* en *codesudas*.

### 4. Os xenéricos

En líñas xerais, os nomes xenéricos na zona de Santiago de Compostela responden á definición que podemos atopar nos dicionarios comúns. Os más significativos poden ser:

- *Agro*: Leira de labranza ou de cultivo.
- *Agra*: Varias leiras dun ou varios poseedores.
- *Barcia/Varcia*: Cultivo. Labranza a carón dos regos.
- *Caniza*: Entrada ou camiño de acceso dunha leira (*A caniza da Agra*).
- *Corga (corgha)*: Terreo elevado ou tramo que queda entre dúas partes elevadas.
- *Corgo (corgho)*: Parte elevada no monte ou zona onda hai moita auga no monte, fontes, por onde discorre a auga.
- *Cortiña*: Terreo de cultivo ou maioritariamente relacionado con zona de prados.
- *Coto/Cotón/Cotarelo*: Alto do monte, lomba, montouto.
- *Currucho*: Nos terreos é o remate onde van dar as leiras.

Xosé R. Beullón

---

- *Devesa*: Vinculado, na maioría das veces, a zona de arboredo, soutos, carballeiras... usado como sinónimo de arboredo praticamente.
- *Portela*: entrada no monte, nun terreo no monte que pode estar cercado por muro.
- *Tallo*: Semienteira en tallos; leira entre outras más pequenas ou que non acada o límite das outras, ou que non vai no sentido das outras.
- *Zanca*: Moi empregada neste concello, principalmente na zona norte, como terreo de monte, leira pechada dun propietario no monte habitualmente.

Hai outros nomes como *Flaira*, (xenérico) *Bouza*, *Chamiceira*, *Lamelas* ou *Namelas* (terreos de lama, lameiros), *Nabal* ( de Nabos), e todos estes ou calquera outro poden ser empregados coa súa acepción común *Touza*, *Toxal*, *Campo*, e son utilizados como xenéricos na definición ou identificación dun espazo. A *Cortiña Vella*, O *Regueiro das Moas*, O *Tallo da Pereirifa*; O *Curruccho dos Casais*; A *Caniza* da Agra; O *Campo* da Granxa pasan a ser xenéricos cando denominan unha zona máis ampla e concreta ben diferenciada no territorio co complemento de *Arriba*, de *Abaixo*, de *Dentro* ou *de Fóra*. De feito algunas delas son aldeas independentes e distantes entre si, por ex. *Sarela de Arriba* (na Peregrina) e *Sarela de Abaixo* (próximo a Vidán).